

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de agosto de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de agosto de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(812).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 15 de xullo, ordinaria do 19 de xullo e extraordinaria e urxente do 23 de xullo de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(813).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3140/15, 818/23, 1620/21, 1053/16.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de conformidade cos informes-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 18.07.13, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Juan Carlos Martínez López. Expte. 3140/15.
- Dalia del Carmen Bugarín González. Expte. 818/23.
- M^a. Isabel Carro Corredera. Expte. 1620/21.
- Hermelinda Aviión Fernández. Expte. 1053/16.

3(814).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 30.793,01€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA PINACOTECA MUNICIPAL “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 275/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 10.07.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2606X400148, de 30.793,01 € (trinta mil setecentos noventa e tres euros con un céntimo), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 10484).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 30.793,01 € (trinta mil setecentos noventa e tres euros con un céntimo) en concepto de prestación do servizo de atención ao público na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego” durante os meses de xaneiro-maio de 2013, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, 2606X400148, de 30.793,01 € (trinta mil setecentos noventa e tres euros con un céntimo) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

4(815).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 73.404,01€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA PÚBLICO NA PINACOTECA MUNICIPAL “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 277/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 10.07.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3606S400276, de 73.404,05 € (setenta e tres mil catrocentos catro euros con cinco céntimos), a favor de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, por un importe total de 73.404,05 € (setenta e tres mil catrocentos catro euros con cinco céntimos) en concepto de prestación dos servizos de vixilancia na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego” durante os meses de xaneiro-maio de 2013, con cargo á aplicación 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”

3º.- Pagar á empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, a factura 3606S400276, de 73.404,05 € (setenta e tres mil catrocentos catro euros con cinco céntimos) con cargo á partida aplicación 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

5(816).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 67.902,88€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA NO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 4933/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.07.13, e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal “Quiñones de León”, do 11.07.13, conformado polo concelleiro-delegado xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura nº 6500345816, de 67.902,88 € (sesenta e sete mil novecentos dous euros con oitenta e oito céntimos), a favor de Vigilancia Integrada, S.A., CIF A78917465, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, por un importe total de 67.902,88 € (sesenta e sete mil novecentos dous euros con oitenta e oito céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xaneiro-maio de 2013 no Museo municipal “Quiñones de León” con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, de 67.902,88 € (sesenta e sete mil novecentos dous euros con oitenta e oito céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

6(817).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.714,46 € A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 2263/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.07.13, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 16.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura 2606X400142, que se achega ao expediente, por un importe total de 23.714,46 € a favor de Servizos

Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados ao documento contable RC nº 10484 da Partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 23.714,46 €, en concepto de prestación do servizo de atención ao público do Verbum durante o período 01/01/2013-31/05/2013 con cargo ao RC nº 10484 da Partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2606X400142, por un importe total de 23.714,46 €, con cargo ao RC nº 10484 da partida orzamentaria 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

7(818).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21682,74€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAI, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 441/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos municipais, do 10.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2606X400154, de 21.682,74 € (vinte e un mil seiscientos oitenta e dous euros con setenta e catro céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 10484).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 21.682,74 € (vinte e un mil seiscientos oitenta e dous euros con setenta e catro céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura) durante os meses de xaneiro-maio de 2013, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2606X400154, de 21.682,74 € (vinte e un mil seiscientos oitenta e dous euros con setenta e catro céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

8(819).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.972,32 € A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAI, XANEIRO-MAIO 2013. EXPTE. 442/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos municipais,

do 10.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3606S400275, de 57.972,32 € (cincuenta e sete mil novecentos setenta e dous euros con trinta e dous céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, por un importe total de 57.972,32 € (cincuenta e sete mil novecentos setenta e dous euros con trinta e dous céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xaneiro-maio de 2013 en Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, de 57.972,32 € (cincuenta e sete mil novecentos setenta e dous euros con trinta e dous céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

9(820).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE PROXECTO DE ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK. EXPTE. 9317/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.07.13, dáse conta do informe-proposta do técnico de Educación, do 18.07.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro poo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSF.*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación por procedemento aberto do contrato de servizo de xestión e desenvolvemento da Escola municipal de Teatro (PCAP).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 1 de outubro de 2008, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSF), acordou “adxudicar

definitivamente a Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de implantación inicial, xestión e desenvolvemento do proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (expte 9317-332) por un prezo total de 928.128 euros”, contrato que foi formalizado en data 1 de outubro de 2008. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 13 de xullo de 2012 autorizou unha primeira prórroga por un ano para a xestión da E-Trad, ata o 30/09/2013. A Delegada da Área de Educación, mediante Dilixencia de data 05/03/13, solicita do órgano de contratación a prórroga do citado contrato, do 01/10/13 ata o 30/09/14.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os contratos celebrados polas Administracións Públicas, por imperativo legal, deberán fixar o seu prazo de duración, a cal se establecerá tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das mesmas (artigo 23.1 TRLCSP).

Premítese que no contrato se prevexan unha ou varias prórrogas sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 23.2 TRLCSP):

- Que as características do contrato permanezan inalterables durante o período de duración das prórrogas.
- Que a concorrência para a súa adxudicación sexa realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

Circunstancias que concorren no contrato que no ocupa.

Segundo.- Para prorrogar un contrato administrativo é necesario que se teña previsto expresamente no contrato a súa prórroga, e que o órgano de contratación acorde expresamente a mesma, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Unha vez acordada, será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario (artigo 23.2 TRLCSP).

No prego de cláusulas administrativas deste contrato se fixa unha duración do mesmo de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogalo (cláusula 2.3 en relación co apartado 7.3 das FEC do PCAP). Así, se prevén “dúas prórrogas dun ano cada unha”.

A Delegada da Área de Educación, en Dilixencia de data 05 de marzo de 2013, manifesta a necesidade de prorrogar o presente contrato.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), previo informe da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL).

Así, en base ao exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Autorizar a prórroga por un ano do contrato de servizo de implantación inicial, xestión e desenvolvemento do proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (expte 9317-332) para o período comprendido entre o 01-10-2013 e o 30-09-2014.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de 223.558,72.-€, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda no seu caso, dos cales:

- Para o ano 2013 (01/10/2013-31/12/2103) corresponden 55.889,68.-€, que se imputará a aplicación presupostaria 32102279918 do vixente orzamento.
- Para o ano 2014 (01/01/2014-30/09/2104) corresponden 167.669,04.-€, que se imputará a aplicación presupostaria 32102279918, que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento do 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(821).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 3476/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.07.13, dáse conta do informe-proposta do técnico de Educación, do 4.07.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 13 de setembro de 2010, acordou a adxudicación do contrato de servizos de ensinanzas da Escola Municipal de Danza do Concello de Vigo a D. Wenceslao Cabezas del Toro (NIF 35.925.740-Q), con efectos a partir do 01/10/2010, por un prezo total de 260.000,00 euros (IVE engadido) e conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno de data 03/05/2010.

Na cláusula 2.3 do prego de condicións administrativas particulares e apartado 7º das FEC establece que o prazo de execución do servizo é de dous anos, contados dende o 01/10/2010, polo que o dito prazo remataría o 30/09/2012.

Igualmente considerase a posibilidade de prórroga do contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, de modo que a duración total do contrato incluídas estas últimas, non podería exceder de catro anos (cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas Administrativas particulares e 7.3 das FEC) sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato ou calquera das prórrogas.

Así, a Xunta de Goberno Local de data 29/06/12 acordou “prorrogar o contrato de servizos de ensinanzas da Escola municipal de Danza a favor de D. Wenceslao Cabezas de Toro (NIF 35.925.740Q) polo período comprendido entre o 01/10/2012 e o 30/09/2013”.

Mediante dilixencia de data 5 de marzo de 2013, a Delegada da Área de Educación solicita ao órgano de contratación a realización da segunda prórroga, para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2013 e o 30 de setembro de 2014.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, adopción do seguinte acordo:

ROPOSTA

1º. Prorrogar o contrato de servizos de ensinanzas da Escola Municipal de danza a favor de D. Wenceslao Cabezas del Toro (NIF 35.925.740-Q) polo período comprendido entre o 01/10/2013 e 30/09/2014.

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 136.824,34 euros (mais as pertinentes revisións de prezos que no seu caso correspondan), dos cales:

- 41.047,10 euros corresponden ao período outubro-décembro 2013, con cargo á aplicación presupostaria 3210.227.9926 (Escola Municipal de Danza) do vixente orzamento*

- 95.777,24 euros corresponden ao período xaneiro-setembro 2014, que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento do 2014

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(822).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DOCENTES E COMPLEMENTARIOS DE ADMINISTRACIÓN, CONSERXERÍA E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 11739/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.07.13, dáse conta do informe-proposta do técnico de Educación, do 4.07.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes e complementarios de administración e conserxería para a Escola Municipal de Música de Vigo (PCAP).*
- Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato dos servizos docentes e complementarios de administración e conserxería para a Escola Municipal de Música de Vigo (PPT).*
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 11 de outubro de 2010, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), acordou "Adxudicar á mercantil DOBRE O, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música (expediente 11739-332) por un prezo total de 810.702 euros (IVE incluído). Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2010 e a oferta presentada." Complementariamente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 10 de maio de 2013 acordou "autorizar a cesión a ESMUVIGO, Sociedade Cooperativa Galega, do contrato dos servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de música

(expte 11739-332) adxudicado á empresa Dobre O SL por acordo da XGL de 11/10/10", así como que "a empresa cesionaria Esmuvigo, Sociedade Cooperativa galega, quedará subrogada de todos os dereitos e obrigas que corresponden ao cedente, Dobre O SL".

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 2.3 en relación co apartado 7.3 das FEC). Así, se prevén "dúas prorrogas dun ano cada unha". Así, a Xunta de Goberno Local de data 01/10/12, acordou autorizar a prórroga do contrato de servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de música para o período comprendido entre o 01/11/12 e o 31/10/13.

A Delgada de Educación, mediante dilixencia de data 30/04/13, solicita do órgano de contratación a prórroga do presente contrato, do 1/11/13 ao 31/10/14.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos docentes e complementarios de administración e conserxería para a Escola Municipal de Música de Vigo, en data 2 de agosto de 2010, e acordou abrir o procedemento de licitación, que rematou coa adxudicación do mesmo á mercantil DOBRE O, S.L., por resolución da Xunta de Goberno Local, de data 11 de outubro de 2010. Mediante acordo de data 10 de maio de 2013, a Xunta de Goberno Local autorizou a cesión de todos os dereitos e obrigas deste contrato a ESMUVIGO, Sociedade Cooperativa Galega.

Segundo.- É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable o presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que no se opoña a citada lei.

Terceiro.- Os contratos celebrados polas Administracións Públicas, por imperativo legal, deberán fixar o seu prazo de duración, a cal se establecerá tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das mesmas (artigo 23.1 LCSP).

Se permite que no contrato se prevexan unha ou varias prórrogas sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 23.2 LCSP):

- Que as características do contrato permanezan inalterables durante o período de duración das prórrogas.
- Que a concorrência para a súa adxudicación sexa realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

Circunstancias que concorren no contrato que nos ocupa.

Para prorrogar un contrato administrativo é necesario que se teña previsto no contrato a prórroga, e que o órgano de contratación acorde expresamente a mesma, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Unha vez acordada, será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario (artigo 23.2 LCSP).

A Delgada da área de Educación, en dilixencia de 30/04/13, informa favorablemente a prórroga do presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación.

Así, en base ao exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), previo informe da Intervención Xeral, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música (expediente 11739-332) para o período comprendido entre o 1/11/2013 e o 31/10/2014.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte: Ano 2013 (1/11/2013-31/12/2013): 67.558,50 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.02 (Escola Municipal de Música).

•Ano 2014 (1/1/2014-31/10/2014): 337.792,50 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.02 (Escola Municipal de Música)”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(823).- TRANSFERENCIA Á CONTA DA FUNDACIÓN DA AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI) DA COTA DO ANO 2013. EXPTE. 14672/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.07.13, dáse conta do informe do xefe dos Servizos Enerxéticos, do 10.07.13, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

En sesión plenaria de data 24 de febreiro de 2003 foron aprobados os Estatutos da Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e posteriormente aprobada modificación dos mesmos en sesión do 23 de febreiro de 2004.

No artigo 11 c) dos devanditos Estatutos establécese entre as obrigas dos membros da fundación a de:

“<<.....>> Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan en cada caso e para cada clase deles”.

O Concello de Vigo, como membro fundador da devandita Fundación e en virtude do acordo do padroado adoptado en sesión ordinaria de data 14 de decembro de 2012, que aprobou por asentimento a prórroga das achegas de Patróns, na mesma contía que as correspondentes ao ano 2012, ten pendente facer o ingreso da cota para o ano 2013 pola contía de 35.249,97 euros. Polo que para dar cumprimento ao devandito acordo,

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobación da transferencia á conta da Fundación da Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo (FAIMEVI) por unha contía de 35.249,97 euros, para dar cumprimento do acordo adoptado pola mesma en sesión ordinaria do seu Padroado de data 14 de decembro de 2012.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(824).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE 2”. EXPTE. 1981/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 26 de xullo de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 29 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Camelias, Fase 2, entre Rúa Ourense e Doutor Marañón” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(825).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NAS PARROQUIAS DE CABRAL, LAVADORES E SÁRDOMA”. EXPTE. 1980/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 26 de xullo de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 29 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(826).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CASCO URBANO DE VIGO”. EXPTE. 1979/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón de data 26 de xullo de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 29 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- *Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano de Vigo” considerado de urxencia e execución inaprazable.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(827).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO BARRIO DO CALVARIO”. EXPTE. 1978/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón de data 26 de xullo de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 29 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- *Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de*

saneamento e abastecemento no Barrio do Calvario" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(828).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO NA PARROQUIA DE TEIS". EXPTE. 1977/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 26 de xullo de 2013 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 29 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Parroquia de Teis" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(829).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS, FASE 1 EN BOUZAS. EXPTE. 2362/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 23.07.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A empresa TECNIGAL S.L., Consulting de Ingeniería, presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS, FASE 1, ENTRE PRAZA M. DIEGO SANTOS E RÚA RAMÓN ANTONIO ÁLVAREZ", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON COARENTA E OITO CÉNTIMOS (165.782,48 EUROS).

A actuación prevista nesta primeira fase terá lugar dende o Nº 2 ao Nº 32 da rúa Ferreiros, en Bouzas, no marxen dos pares e dende o Nº 3 ao Nº 27 no marxen impar, con inicio na Plaza M. Diego Santos e final na intersección coa rúa Ramón Antonio Alvarez, o que supón unha lonxitude de 789 m e unha superficie de actuación de 410 m².

As características principais da actuación son os seguintes:

- Executarase un cambio de pavimentos: Lévese a cabo unha renovación completa da pavimentación actual, en beirarrúas con lousas de granito gris alba flameado de 40 x 60 cm e 6 cm de espesor que se colocarán sobre base de formigón cun espesor de 15 cm.
- Renovación completa da tubería de Abastecemento de auga.
- Renovación do colector de Saneamento.
- Renovación da instalación de alumado.
- Mellora de mobiliario urbano.

Polo que, á vista do anteriormete exposto e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 18 de xullo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa TECNIGAL, S.L., Consulting de Ingeniería para a "Humanización da Rúa Ferreiros, entre Praza M. Diego Santos e Rúa Ramón Antonio Álvarez" por un importe total de 165.782,48 € (douscentos mil euros) IVE engadido, e cun prazo de execución de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(830).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚAS PAR DA RÚA JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 2361/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 23.07.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A empresa ESTUDIO A. MORENO S.L., presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PARA JENARO DE LA FUENTE, ENTRE R/ARAGÓN E R/TOLEDO ", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS ALBERTO MORENO PIKE, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 EUROS).

A actuación comprende as obras de levantamento de pavimentos, execución de beirarrúas, bordo, alumado, sinalización, xardinería e mobiliario urbano.

Realizaranse as demolicións, levantamentos e aperturas de caixa necesarios para conseguir a explanada adecuada para a execucion dos novos firmes.

O bordo a colocar será de granito blanco mera de 28x15 cm con chaflán e de 45x15 cm nas xardineiras. O pavimento de lousas de granito en beirarrúas, será gris alba flameado de 40x60 cm e 6 cm de espesor que se colocarán sobre base de formigón cun espesor de 15 cm.

No alumeadado, se utilizarán farolas modelo C ATLAS ou similar de 9,0 m de altura, con dous brazos a distintas alturas.

Como mobiliario urbano están previstos tres bancos realizados in situ, na esquina da rúa máis cercana as fontes, cunha barandilla de vidro con posamans de aceiro inox para separación do vial.

Ademáis están proxectadas xardineiras o longo da actuación. Unhas nos extremos da actuación e outras para protexer visualmente os cotenedores de lixo e confinar o espazo de estos. Estas xardinerías seguen a fisonomía e materias das xa existentes nos outros tramos da rúa. Así mesmo intercalanse ata 7 árbores plantados na beirarrúa.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 18 de xullo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redatado pola empresa ESTUDIO A. MORENO S.L. para a “Humanización da beirarrúa de Jenaro de la Fuente, entre a Rúa Aragón e a Rúa Toledo por un importe total de 200.000 € (douscentos mil euros), IVE engadido, e un prazo de execución de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(831).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA). EXPTE. 2360/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 23.07.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A empresa INGENIA Proyectos Técnicos, presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN AVDA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E ZAMORA)”, redactado polo ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 EUROS).

O obxecto da humanización da Avenida Hispanidad no tramo comprendido entre a rúa Zamora e a Avenida Gran Vía é a renovación dos servizos, a pavimentación e a renovación do alumeadado público e mobiliario urbano.

A pavimentación das beirarrúas se realizará con lousas de granito gris alba flameado de 40x60 cm e 6 cm de espesor que se colocarán sobre base de formigón cun espesor de 15 cm. O aparcamento e a calzada serán executados en pavimento bituminoso.

Se proxecta unha nova rede de abastecemento, xa que a existente se atopa moi deteriorada. As tuberías serán de fundición dúctil de diámetro 150 mm.

Se disporá dunha rede separativa de saneamento e pluviais.

Para o alumado público e samáforico se disporá unha canalización formada por un tubo de PVC roxo de diámetro 110 mm, un tubo de PVC verde de 110 mm de diámetro e un tubo de PVC de diámetro 63 mm.

Nas zonas nas que o ancho de beirarrúa o permita se disporán árbores cada 6 metros con rego automático. Así mesmo se disporán dúas xardineiras de granito branco mera no encontro coa Avda Gran Vía e outras tres, no lado esquerdo da vía.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 17 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redatado pola empresa INGENIA Proyectos Técnicos para a "Humanización da Avda. Hispanidad (entre Gran Vía e Zamora) por un importe total de 200.000€ (douscentos mil euros), IVE engadido e un prazo de execución de 3 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(832).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE CATAMARANES DE GALICIA PARA A DELIMITACIÓN DE ESPAZO NO AREAL DA PRAIA DO VAO PARA O ACCESO AO MAR CON EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS ATA O 15 DE SETEMBRO DE 2013. EXPTE. 9508/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 17.07.13, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR a D. Francisco Catalán Martínez en calidade de presidente da Asociación Deportiva de Catamaranes de Galicia, ADECAT-GALICIA, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, co número C-10626, a delimitación dunha franxa de terreo de tres metros de ancho no areal de o Vao para o acceso ao mar de embarcacións deportivas ata o próximo 15 de setembro de 2013, de acordo co plano presentado e demais condicións sinaladas polo servizo de medio ambiente no informe proposta desta resolución.

A autorización refírese única e exclusivamente á sinalización dunha franxa de terreo 3 metros no areal de o Vao, con cordadas e boias, para o acceso de pequenas embarcacións deportivas ao mar e non autoriza nin a almacenaxe nin o depósito, ben sexa temporal ou definitivo, de ningún tipo de embarcación, nin ningunha outra instalación; Asemade, non exime de contar coas pertinentes autorizacións por parte do Servizo Provincial de Costas, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

A sinalización deberá ser retirada inmediatamente ao remate desta autorización (15/09/2013).

De non respetarse as condicións impostas procederase a súa revogación inmediata.

22(833).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2013. EXPTE. 1675/334.

Dase conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de abril, maio e xuño de 2013, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>1601-334. Charlas e roteiros sobre Rosalía</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 5 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 24962</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Xurxo Martínez González</i>
<i>Importe</i>	<i>1.615,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1602-334. Megafonía para lecturas sobre Rosalía de Castro</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 5 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 24963</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Redares trading, S.L.</i>
<i>Importe</i>	<i>2.335,30 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1606-334. Conferencias, seminarios e xornadas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 10 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 26179</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>4.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1610-334. Concerto homenaxe a Rosalía</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 10 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 26180</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Producciones Bless</i>
<i>Importe</i>	<i>3.630,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1612-334. Celebración datas conmemorativas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 15 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 27107</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>10.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1617-334. Obradoiros de portugués</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 29 de abril de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 30872</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>ORAL de Galicia</i>
<i>Importe</i>	<i>1.600,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1627-334. Centro Municipal de Interpretación Oral</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 6 de maio de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 31912</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>ORAL de Galicia</i>
<i>Importe</i>	<i>7.800,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1640-334. Actividades "No verán... un conto"</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 31 de maio de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 38616</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>9.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1641-334. Dinamización lingua contadores</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 4 de xuño de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 38716</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Urdime</i>
<i>Importe</i>	<i>4.140,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1642-334. Pezas audiovisuais sobre Rosalía</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 27 de xuño de 2013</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 43939</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Salgado e Santana</i>
<i>Importe</i>	<i>9.680,00 euros</i>

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

23(834).- PROPOSTA DE DESESTIMIENTO EXPRESO DA A.VV. DE PARADA MACEIRIÑA "RÚAS DE FONTES" DA SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2012. EXPTE. 6026/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 5.07.13, conformado polo

xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, Voluntariado e Educación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 30/01/13 (doc. 130011812), a XGL resolveu o expediente de outorgamento das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá do ano 2012 (expte. 5930/320), cuxas bases foran publicadas no BOP núm. 204, do martes 23 de outubro de 2012, acordando, no seu punto primeiro (nº 6) conceder, entre outras, á entidade A.V. De Parada Maceiriña "Rúas e Fontes", con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos", unha subvención para o cofinanciamento do Programa de "Gastos de mantemento" (Programa I), pola contía e concepto que se reflicte no seguinte cadro:

ASOCIACIÓN	PROGRAMA	PROXECTO	Custe do Proxecto	Subvención	TOTAL
A.V. de Parada Maceiriña "Rúas e Fontes"	I	Gastos de mantemento	2.800,00 €	1.400,00 €	1.400,00 €

Con data 31/01/13, D. José Iglesias Fernández, actuando en nome e representación de A.V de Parada Maceiriña "Rúas e Fontes", achegou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, xustificación da referida subvención (doc. 130011812).

Examinada a documentación achegada polo servizo de Participación Cidadá, e despois de terse requirido telefónicamente (30/05/13), con data 26/04/13 requiriuse á interesada a subsanación das seguintes deficiencias:

1. "Programa I:

- O resumo económico do (Anexo V) e a relación clasificada de gastos (Anexo IX) non se axustan ao proxecto presentado xunto coa solicitude de subvención, xa que, non xustifican gastos de auga, luz, e avarías.

2. Información complementaria

- Non presentan a memoria das actividades realizadas no ano 2012 conforme ao disposto na Base 13 c) da convocatoria, que esixe incorporar, entre outra información, para cada unha das actividades: denominación, finalidade, datas e lugar de celebración, exemplares do material de información, xustificar en que medida a subvención contribúe ao desenvolvemento das actividades da subvención, nos cursos de formación, o programa do curso, horas de formación, identificación dos participantes e do/a monitor/a (nome, apelidos, e nº de teléfono), etc...

- En canto a acreditación da difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, non achegan fotografía do taboleiro de anuncios da entidade, na que figure a cartelería especificada no Anexo IX ("fomento de actividades", "gastos de mantemento")

- Non achegan o do balance económico do exercicio 2012, o proxecto de actividades 2013 e o orzamento 2013."

A referida notificación recibíuse pola beneficiaria en data 08/05/13. Posteriormente, requiriuse tamén telefónicamente. O requirimento non foi cumprimentado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A subvención concedida réxese polas súas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/12/12, e, en xeral, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de

Subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006, as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Como requisito sine qua non para o cobro da subvención, a beneficiaria quedou obrigada a xustificar documentalmente, na forma prevista na Base Décimo Terceira da norma reguladora da subvención, o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos. De conformidade co art. 89 do RLXS en relación co art. 37 da LXS, "o incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente..." nos termos establecidos na normativa reguladora, determina a perda do dereito ao cobro da subvención.

Pola súa parte, o artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, establece que "se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos ... esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase ó interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no artigo 42."

No presente caso, tras varios requirimentos telefónicos, con data 26/04/13, requiriuse á entidade beneficiaria, a A.V. De Parada Maceiriña "Rúas e Fontes", a achega de documentación preceptiva, imprescindible para a tramitación do procedemento conforme á normativa de aplicación, advertindo expresamente de que, transcorrido o prazo dos dez días hábiles sen que se presentase esta, teráselle por desistido da súa petición previa resolución. O requirimento non foi cumprimentado.

Polo exposto, concorre o presuposto de feito do art. 71.1. da LRXAP e PAC para ditar resolución tendo por desistida a beneficiaria da súa solicitude de aboamento da subvención (expte. 6026/320).

De acordo cos artigo 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de MMGL, polo que se modifica a LRBRL, é competente para adoptar o acordo, a Xunta de Goberno Local.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: TER POR DESISTIDA expresamente é entidade A.V. de Parada Maceiriña "Rúas de Fontes" da solicitude de aboamento da subvención que se lle outorgara por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12, por importe de 1.400 €, para colaborar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación, en virtude dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución, conforme ó disposto no artigo 71.1. da LRXAP e PAC e, en consecuencia DECLARAR CONCLUSO o procedemento (expte. 6026/320), ao transcorrer en exceso o prazo sinalado sen que beneficiaria presentase a documentación necesaria para a súa tramitación, que foi requirida con data do 26/04/13 (acuse de recibo de data 08/05/13).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á entidade A.V. De Parada Maceiriña "Rúas e Fontes", nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a

dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(835).- COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. PRIMEIRA ENTREGA. EXPTE. 19654/240.

Dáse conta do informe-proposta do secretario da Admón. Municipal, do 16.07.13, que di o seguinte:

Recibiuse neste Concello a documentación referente á primeira entrega parcial á que se refire o apartado A.II (1ª fase) da cláusula XI (Programa de desenvolvemento e execución dos traballos) da cláusula XI do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de outubro de 20120 e adjudicado a SCI S.C. INTEGRAL S.L. (expediente 18994/240) en sesión do 11 de maio de 2012.

Analizada a documentación obsérvanse as seguintes deficiencias:

a) Na ficha á que se refire a cláusula II, na que deberán incorporarse todos os datos requiridos por o Regulamento de Bens das entidades locais e a Instrución de Contabilidade, obsérvanse as seguintes omisións:

*Datos urbanísiticos actuais. Non se reflicte a situación urbanística das parcelas cedidas o que ten especial relevancia aos efectos de cualificar a súa situación actual.
Situacións física actual da parcela. Deberá indicarse a súa incorporación de feito ao vial, os servizos dos que consta, etec.
Folla da cartografía municipal.*

b) Memoria do contido dos traballos. A documentación non contén a memoria do contido da entrega na que conste un cadro resume dos bens e dereitos valorados, cuxa alta, baixa ou rectificación se propoña, á que se refire a cláusula XI do prego de prescricións.

c) Sistema de arquivo para cada ben. Non consta a existencia dun sistema de arquivo para cada ben, no que se incorpore unha ficha coa relación de todos e cda un dos documentos, instancias, planos existentes, etc. Ordenado cronolóxicamente no expediente e na ficha, de acordo co que establece a cláusula II.

d) Informe da valoración. Deberá, de acordo co que se sinala na cláusula IV, incorporarse un informe sobre as valoracións.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe, tendo en conta o que establece o apartado 4 da cláusula VIII do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello

de Vigo e as Resolucíons da Alcaldía de datas 19 de setembro de 2011 e 20 de marzo de 2013, propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Non recibir de conformidade a entrega parcial primeira dos traballos de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo efectuada pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L.

Segundo. Comunicar á SCI S.C. INTEGRAL S.L. que antes da validación, aprobación e aboamento dos traballos deberá corrixir ás deficiencias que se indican neste informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(836).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO E XUÑO DE 2013. EXPTE. 24265/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 24.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Xuño-2013	301'00
Extinción de Incendios	Xuño-2013	737'00
Extinción de Incendios (oficina)	Febreiro-2013	9'00
Policia Local (Xulgados)	Xuño-2013	648'00
Policia Local (Horas en exceso)	Xuño-2013	313'35
Inspección Vías e Obras	Febreiro-2013	71'00
Parque Móbil	Febreiro-2013	40'00
Ospio	Febreiro-2013	60'00
Montes, Parques e Xardíns	Febreiro-2013	88'00
Parque Móbil (Vías e Obras)	Febreiro-2013	46'00
Parque Móbil (Parque Central)	Febreiro-2013	88'00
Parque Móbil (Limpeza)	Febreiro-2013	20'00
Parque Móbil (Desinfección)	Febreiro-2013	20'00
Parque Central	Febreiro-2013	104'00
Vías e Obras	Febreiro-2012	172'00

Limpeza	Febreiro-2013	38'00
Desinfección	Febreiro-2013	84'00
Cultura	Xaneiro-Febreiro-2013	15'00
Distritos	Febreiro-2013	13'16
Conserxería	Xaneiro-2013	20'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 28.113'39 €

26(837).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2013. EXPTE. 24264/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Javier Fernández Riveiro, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 18'16 euros (dezaioito euros con dezaseis céntimos), correspondente ao mes de Xuño de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

27(838).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24290/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 19.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2013, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 2.949,02 € (dous mil novecentos coarenta e nove euros con dous céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

28(839).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2013. EXPTE. 24261/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Xuño de 2013, e que ascenden a un total de 1.266'72 € (mil douscentos sesenta e seis euros con setenta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

29(840).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2013. EXPTE. 24263/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xuño-2013 e que ascenden a un total 533,81 € (cincocentos trinta e tres euros con oitenta e un céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

30(841).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24280/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Fomación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, por delegación do Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos dde Montes, Parques e Xardíns,

Parque Móbil, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Cultura, Electromecánicos e OMIC, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 7.036,77 € correspondentes ó 2º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

31(842).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) RESOLUCIÓN DE DATA 09.07.2013, DE DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN ANTI-CIPADA DO FUNCIONARIO D. ETELVINO PÉREZ RUIZ. EXPTE. 24246/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 9.07.13, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A medio de instancia de data 17 de xuño de 2013 (doc. número 130071284), D. ETELVINO PÉREZ RUIZ, con núm. de persoal 13936, DNI núm.: 34608512-K, e data de nacemento 13/08/1953, solicita a xubilación anticipada con efectos de 17/08/2013.

O Sr. Pérez Ruíz, é funcionario de carreira, con praza e posto de traballo de Conductor-Bombeiro (C2) e ten recoñecida unha antigüidade laboral dende o 15 de setembro de 1981.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O art. 161 bis.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, incorporado pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, prevé que a idade mínima de 65 anos esixida para ter dereito a pensión de xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social poderá ser rebaixada por real decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

Dos estudos levados a cabo co colectivo de bombeiros, despréndese que existen índices de perigosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requerimentos psicofísicos que se esixen para o seu ingreso no colectivo e o desenvolvemento da actividade non poden facerse a partires dunhas determinadas idades, cumpríndose, deste xeito, os requerimentos esixidos na lexislación para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

En consecuencia do anterior o RD 383/2008, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos (BOE núm. 81 de 3 de abril de 2008) dispón no seu art. 1º que "poderá recoñecerse pensión de xubilación con menos de 65

anos de idade aos traballadores por conta allea e empregados públicos, incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, que presten servizos como bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades, en corporacións locais, en comunidades autónomas,”

No seu artigo 2º establécese: “A idade ordinaria de 65 anos esixida para o acceso á pensión de xubilación reduciráse nun período equivalente ao que resulte de aplicar aos anos completos efectivamente traballados como bombeiro o coeficiente reductor do 0,20.

A aplicación da redución da idade de xubilación en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación con unha idade inferior aos 60 anos, ou á de 59 nos supostos en que se acrediten 35 ou máis anos de cotización efectiva, sen cómputo da parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias, polo exercizo da actividade de bombeiro. Para ao cómputo do tempo efectivamente traballado, descontaránse todas as faltas ao traballo, agás as seguintes:

- As que teñan con motivo de baixa médica por enfermidade común ou profesional, ou accidente, sexa ou non de traballo.*
- As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural.*
- As autorizadas nas correspondentes disposicións laborais con dereito a retribución.”*

II.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. ETELVINO PÉREZ RUÍZ con data de efectos de 17/08/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

III.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar, de conformidade co disposto no Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades ao servizo das administracións e organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do funcionario de carreira D. Etelvino Pérez Ruíz (núm. persoal 13936), coa categoría profesional de Conductor-Bombeiro, con efectos dende o día 17 de agosto de 2013.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xuris-

dicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DE DATA 05.07.2013, DE FLEXIBILIDADE HORARIA DA EMPREGADA MUNICIPAL DA. M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN. EXPTE. 24245/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.07.13, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 28/06/2013 (documento nº 130076630) D^a M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN, con DNI nº 36.094.387-G e nº persoal 79828, oficial sepultureira adscrita ao Servizo de Cemiterios, solicita a autorización de disfrute de flexibilidade horaria ao remate da xornada laboral, por motivos de conciliación da súa vida laboral e familiar, ao ter ao seu coidado un fillo menor de 12 anos, segundo acredita documentalmente.

2.- Solicitado informe ao servizo de adscrición, a Xefa de Negociado de Cemiterios emite informe favorable en data 03/07/2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O acordo da Xunta de Goberno Local de 15/02/2013 (modificado o 20/05/2013) establece, no seu apartado 7.- “Medidas de conciliación”, apartado 1, que:

“Os empregados públicos que teñan ao seu cargo acodes maiores, fillos menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como quen teña ao seu cargo directo a un familiar con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria o horario fixo de xornada que teñan establecida.”

II.- Por tanto, sendo a hora de inicio as 07:30h, e considerando o informe favorable do servizo e a concorrencia dos requisitos xerados do dereito á flexibilidade solicitada, non existe inconveniente por parte do Servizo de Recursos Humanos ao respecto, debendo en calquera caso quedar sen efecto no momento no cal reverta a situación familiar motivadora, sendo obriga do efectivo comunicar a tal incidencia a este servizo e recuperar, ao final do ano natural, o tempo de traballo derivado da flexibilidade autorizada.

III.- Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Acceder á flexibilidade horaria solicitada en escrito de data 28/06/2013 (documento nº 130076630) pola empregada pública municipal D^a M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN, con DNI nº 36.094.387-G e nº persoal 79828, oficial sepultureira adscrita ao Servizo de Cemiterios, autorizando en consecuencia a posibilidade de adiantar a saída da súa xornada laboral en 1 hora sobre a hora de finalización da xornada (15:00h), con obriga de recuperación do tempo de traballo obxecto de flexibilidade ao final do ano natural, xurdindo efectos a partires da data da presente resolución, lembrando a obriga do efectivo de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das causas motivadoras do outorgamento da presente medida.

Segundo.- Acordar que se comunique ao Servizo de Cemiterios que a autorización da flexibilidade horaria en ningún caso implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia susceptible de xerarse ao Servizo de Recursos Humanos e Inspector Auxiliar de Persoal, aos efectos procedentes.

Cuarto.- Notifíquese presente resolución á solicitante, Xefa de Negociado de Cemiterios, Inspector auxiliar de Persoal (Servizo de Recursos Humanos) para coñecemento e demais efectos. Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DE DATA 03.07.2013, DE REDUCCIÓN DE XORNADA Á EMPREGADA MUNICIPAL DA. M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN. EXPTE. 24244/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 3.07.13, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 28 de xuño de 2013 (doc. nº 130076631), D^a M^a Concepción Cousiño Sendín, con DNI nº 36.094.387-G e nº persoal 79828, oficial sepultureira adscrita ao Servizo de Cemiterios, solicita se lle conceda unha redución de xornada coa correspondente diminución proporcional do seu salario, consistente en 1 hora (ao final da xornada laboral), para o coidado dun fillo.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor

de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola xefa de negociado de Cemiterios, con data 03/07/2013.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro-Delegado de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autorizar a redución de xornada de D^a M^a Concepción Cousiño Sendín, con DNI nº 36.094.387-G e nº persoal 79828, oficial sepultureira adscrita ao Servizo de Cemiterios, consistente na redución da súa xornada laboral en 1 hora ao final da mesma, con efectos a partir do día 05/07/2013, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.g) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefa de negociado de Cemiterios, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

D) RESOLUCIÓN DE DATA 04.07.2013, DE FLEXIBILIDADE HORARIA DA FUNCIONARIA D^a ROSA MARÍA ALONSO MIGUEZ. EXPTE. 24217/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 4.07.13, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 23/05/2013 (documento nº 130060496) D^a ROSA M^a ALONSO MÍGUEZ, con DNI 36.007.512-T e nº persoal 21203, diplomada en traballo social adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita a autorización de disfrute de flexibilidade horaria ao inicio da xornada laboral, por motivos de conciliación da súa vida laboral e familiar, ao ter a ascendente discapacitada ao seu cargo, segundo acredita documentalmente.

2.- Solicitado informe ao servizo de adscrición, a Xefa do Servizo de Benestar Social emite informe favorable en data 19/06/201.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- O acordo da Xunta de Goberno Local de 15/02/2013 (modificado o 20/05/2013) establece, no seu apartado 7.- “Medidas de conciliación”, apartado 2, que:

“Os empregados públicos que teñan ao seu cargo acodes con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, poderán dispoñer de dúas horas de flexibilidade horaria diaria sobre o horario que corresponda, a fin de conciliar os horarios dos centros educativos ordinarios de integración e de educación especial, dos centros de habilitación e rehabilitación, dos servizos sociais e centros ocupacionais, así como outros centros específicos onde a persoa con discapacidade reciba atención, cos horarios dos propios postos de traballo”.

II.- Por tanto, sendo a hora de inicio as 07:30h, e considerando o informe favorable do servizo e a concorrencia dos requisitos xerados do dereito á flexibilidade solicitada, non existe inconveniente por parte do Servizo de Recursos Humanos ao respecto, debendo en calquera caso quedar sen efecto no momento no cal reverta a situación familiar motivadora, sendo obriga do efectivo comunicar a tal incidencia a este servizo e recuperar, ao final do ano natural, o tempo de traballo derivado da flexibilidade autorizada.

III.- Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Acceder á flexibilidade horaria solicitada en escrito de data 23/05/2013 (documento nº 130060496) pola empregada pública municipal D^a ROSA M^a ALONSO MÍGUEZ, con DNI 36.007.512-T e nº persoal 21203, diplomada en traballo social adscrita ao Servizo de Benestar Social, autorizando en consecuencia a posibilidade de retrasar o inicio da súa xornada laboral en 2 horas sobre a hora de inicio de xornada (07:30h), con obriga de recuperación do tempo de traballo obxecto de flexibilidade ao final do ano natural, xurdindo efectos a partires da data da presente resolución, lembrando a obriga do efectivo de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das causas motivadoras do outorgamento da presente medida.

Segundo.- Acordar que se comunique á xefatura do Servizo de Benestar Social que a autorización da flexibilidade horaria en ningún caso implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia susceptible de xenerarse ao Servizo de Recursos Humanos e Inspector Auxiliar de Persoal, aos efectos procedentes.

Cuarto.- Notifíquese presente resolución á solicitante, Xefa do Servizo de Benestar Social, Inspector auxiliar de Persoal (Servizo de Recursos Humanos) para coñecemento e demais efectos. Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) RESOLUCIÓN DE DATA 08.07.2013, DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONES AO FUNCIONARIO D. BENJAMÍN COLLAZO RODRÍGUEZ. EXPTE. 2154/150.

Dáse conta do Decreto de data 8.07.13, polo que o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

En data 3 de abril de 2013, o Concelleiro delegado de Comercio, Limpeza, Distritos e Parques e Xardíns, solicita a creación do posto "Xefatura de Comercio", dada a nova estrutura das áreas executivas do Goberno, segundo Resolución de data 7 de febreiro de 2013. Mentras non sexa posible a creación do mencionado posto propón que as funcións propias do posto de Xefe/a de Comercio sexan asumidas polo actual Xefe do Servizo de Limpeza, D. Benjamin Collazo Rodríguez (NP 78894)

Dada a necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo, e co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, R E S O L V O

"Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario municipal D Benjamin Collazo Rodríguez (NP 78894), xefe do servizo de limpeza, as funcións correspondentes a xestión, tramitación, seguimento e control da actividade do Servizo de Comercio, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concelleiro da Área. Dentro da súa xornada habitual de traballo.

Segundo.- A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

Terceiro.- Da presente resolución, dése traslado ao interesado, concelleiro-delegado da Área, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

32(843).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA XII FEIRA TRIANERA DE VIGO. EXPTE. 86162/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, do 23.07.13, que di o seguinte:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 23/05/13 pola ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA CIF G 36.895.993 por un importe de 4000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA XII FEIRA TRIANERA DE VIGO en datas 7 ao 9 de XUÑO no parque DE CASTRELOS , xa que non houbo danos nos espazos solicitados.

33 (844).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.